



Benvidas a un novo curso!

Convocamos a **REUNIÓN INFORMATIVA e Asemblea Xeral da ANPA o xoves 2 de outubro ás 19:30 h en primeira convocatoria, e ás 20:00 h en segunda, no ximnasio do colexio** (segunda porta á esquerda, en frente do edificio principal) coa seguinte ORDE DO DÍA:

1. Lectura e aprobación da acta anterior.
2. Presentación de contas curso 2024/2025 e proxecto orzamentario 2025/2026.
3. Memoria de actividades 2024/2025.
4. Presentación actividades programadas 2025/2026.
5. Presentación das actividades extraescolares.
6. Voluntarios/as para as festas da ANPA.
7. Rogos e preguntas.

Esta xuntanza é **para todas as nais, os pais ou titores/as do alumnado do CEIP Casás, aínda que non sexan socias**. A **ANPA** formámola persoas voluntarias que traballamos por e para a nosa cativada e as súas familias, promovendo e dinamizando actividades para o alumnado e a nosa comunidade educativa, e contamos cunha persoa representante no Consello Escolar.

XUNT@S PODEMOS FACER A DIFERENCIA

Tedes toda a información e formularios de inscrición na nosa app que podedes descargar no seguinte enlace:

<https://app.appampas.com/abella/instala-a-aplicacion/>